

## COMUNICADO Nº 143/23

3 DE AGOSTO DE 2023

### CALENDARIO DE XORNADAS DE ADESTRAMENTOS EN AS PONTES, OUTEIRO DE REI E A MADALENA E “CARREIRA DE INVERNO”

Despois da celebración da primeira data do Campionato Galego de Karting no trazado de As Pontes, que tivo unha fantástica acollida de todas as partes implicadas e grazas as negociacións do presidente, Antonio Rodríguez Troitiño, co Concello de As Pontes e o promotor do certame, Pedro González Goicoechea, chegouse a un acordo para que sexa utilizado en catro xornadas máis de adestramento esta tempada.

As datas escollidas son no **circuito de As Pontes** son:

Adestramentos // 9 e 10 de setembro

Adestramentos // 30 de setembro e 1 de outubro

Adestramentos // 25 e 26 de novembro

Adestramentos // 2 e 3 de decembro

Ademáis destas datas de adestramentos e como peche de tempada, o propio circuito acollerá unha “**Supercopa FGA de karting**” que terá lugar os días 8,9 e 10 de decembro.

No resto de trazados que acollerán o Campionato Galego de Karting tamén haberá xornadas de adestramentos previos, algo que os federados solicitan e a FGA considera preciso para mellorar tanto o nivel como a seguridade do certame.

En **Outeiro de Rei**, segunda proba puntuable para o certame, haberá adestramentos os días 16 e 17 de setembro (carreira o fin de semana do 22,23 e 24 de setembro).